

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CEDEIRA desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción: **INSTAR AO GRUPO DE GOBERNO Á PARALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS BEIRARRÚAS EN LUGARES INNECESARIOS E CONTRAPRODUCENTES**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A utilización do erario público para obras non prioritarias pon de manifesto a carencia dun proxecto colectivo para Cedeira por parte do PP. Máis alá das ocorrencias de quen non sabe onde gastar os moitos impostos cos que se está a castigar ao cidadán, está supoñendo un novo escándalo que engadir á suma de despropósitos de Rubido:

1. **Imposición** dun proxecto que, no mellor dos casos, poucos, se limitou a entregar copias dun proxecto acabado, pero que careceu da necesaria participación da cidadanía.
2. Intervense na superficie, cando o subsolo está repleto de deficiencias que repercuten en **problemas sanitarios** que non podemos permitirnos.
3. Ampliación de beirarrúas rompendo a traxectoria natural de circulación para **favorecer a activistas do PP**, levantando obstáculos onde comezan a proliferar accidentes de tráfico.
4. Desaforada inversión en lugares onde as beirarrúas son abondosamente amplas, mentras outras, de maior veciñanza **son condenadas** á carencia ou á ridiculez de 80 cm.
5. **Desaparición de prazas de aparcamento**, ali onde fan falla, alí onde os transeúntes, o comercio, a restauración ou a xestión bancaria o requiren. En lugar de implantar o sistema de aparcamento regulado e temporalmente limitado, o Concello opta pola eliminación total en lugares onde son necesarios.

6. **Dificultades para o tráfico de gran tonelaxe**, cara o porto ou os ámbitos forestais de Régoa, Santalla, Piñeiro, San Román ou Montoxo.
7. Ausencia dun proxecto integral que afronte as dificultades de **movilidade en todo o casco urbano**, vías de circulación dos alumnos de primaria, secundaria ou persoas discapacitadas.
8. Ausencia dun proxecto integral que afronte a **circulación de coches** de pequeno e gran tonelaxe.
9. Ausencia dun proxecto de **transporte alternativo** coma o das bicicletas.
10. Menosprecio polo **transporte colectivo** dos autobuses ao que se lle condena a paradas que obstaculizan o tráfico xeral.

MOCIÓN

1. Paralizar as obras non executadas e proceder a abrir un proceso de diálogo coa cidadanía para utilizar de maneira democrática os moitos fondos que os abusivos impostos están a xerar.
2. Impulsar de forma dialogada un PLAN XERAL DE MOBILIDADE URBANA E INFRAESTRUCTURAS, que ao mesmo tempo que o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, teña en conta as necesidades de cada rúa, de cada sector poboacional, infancia, discapacitados, maiores, etc. así como coches particulares, gran tonelaxe, etc.

En Cedeira, a 25 de marzo de 2014

JOSÉ LUIS VERGARA REY

Voceiro do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA